



**BORRADOR ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA
DO PLENO DO CONCELLO DE TUI (PONTEVEDRA)
CELEBRADA O DÍA 1 DE AGOSTO DE 2018**

SESIÓN Nº 9/2018

ASISTENTES

ALCALDE-PRESIDENTE

Carlos Vázquez Padín.

CONCELLEIROS/AS

GRUPO MUNICIPAL DO PP

Antonio Castro Negro
Estrella Carmen Muradas Maceira
Yovana Velázquez Torres

**GRUPO MUNICIPAL DO
PSdG-PSOE**

Enrique Cabaleiro González.
María Yolanda Rodríguez Rodríguez
José Ramón Magán Rivera

GRUPO MUNICIPAL C21

Eduardo Freiría Martínez

GRUPO MUNICIPAL

CIUDADANOS TUDENSES

Milagros González Monteiro
Andrés Urseira González

GRUPO MUNICIPAL BNG

María Carmen Núñez Méndez.
José Martínez Tato

GRUPO MUNICIPAL

ALTERNATIVA TUDENSE

Miguel Angel Capón Rey
María José González Pérez

GRUPO MIXTO

Laureano Alonso Álvarez
María Jesús da Silva Fernández.

Na Casa do Concello, ás nove horas do día un de agosto de dous mil dezaioito, reúnen os/as Concelleiros/as que están a marxe reseñados/as, baixo a presidencia do Alcalde-Presidente Carlos Vázquez Padín. Asiste a secretaria do concello Pilar Fernández Alonso. O obxecto da reunión é realizar a sesión extraordinaria previamente convocada para o día da data e que se celebra en primeira convocatoria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben.

José Prada Álvarez, concelleiro non adscrito

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTIVA:

ÚNICO.- EXPEDIENTE 2489/2017.- APROBACIÓN PROVISIONAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 1 DO PXOM NO ÁMBITO DOS SECTORES URBANIZABLES SU2A E SU2B, CON ORDENACIÓNS DETALLADAS.

O Alcalde alude a que procede votar a urxencia porque o asunto non está ditaminado na comisión informativa, recolléndose a motivación da urxencia na resolución de convocatoria do pleno extraordinario.

Procédese á votación da concorrencia da urxencia, que resulta declarada por 17 votos a favor, que constitúen a unanimidade dos membros da Corporación.

A continuación procédese pola secretaria á lectura da proposta da alcaldía de data 26/07/2018, do teor:

"PROPOSTA DE ACORDO

Expediente 2489/2017: Aprobación provisional da modificación puntual nº 1 do PXOM de Tui, no ámbito dos sectores de solo urbanizable SU2A e SU2B, con ordenacións detalladas.

ANTECEDENTES MAIS RELEVANTES:

.-**Acordo** adoptado en sesión extraordinariaurxente celebrada o 7 de decembro de 2016 relativo a aprobación inicial do proxecto de modificación puntual do PXOM, no ámbito dos sectores urbanizables SU2A e SU2B, coas ordenacións detalladas que se formulan nos ámbitos de referencia. Os documentos sometidos a aprobación inicial resultan:

Doc.nº32.(R.E nº9393 de data 24.10.2016).Escrito suscrito por D.Angel Santorio Cuartero; acompañando:

Tomo I: Modificación PuntualProxecto:" Modificación Puntual do PXOM no ámbito dos sectores de solo urbanizable SU2A e SU28, con ordenacións detalladas".; redactado polos arquitectos D.Ángel Santorio Cuartero e Alejandro Arias Novas

Tomo II: Ordenación detallada do sector SU2AProxecto: "Modificación puntual do PXOM no ámbito dos sectores de solo urbanizable SU2A e SU2B, con ordenacións detalladas".

Doc .º33.(R.Enº9468 de data 25.10.2016).Ofucio de aportación de documentación complementaria suscrito por D.Leandro Nogueira Pérez; actuando en representación Propietarios Maioritarios Sector SU 28, no que aporta en soporte papel ordenación detallada do sector SU28, complementario a modificación puntual dos sectores SU2A E SU28

Doc. nº34.(R. E nº9988 de data 09.11.2016).Escrito suscrito por D. Antonio Rigueira López; en representación de "Eurobandas S.A", aportando a seguinte documentación:

-Anexo á memoria xustificativa da MP

-Plano de Clasificación do Solo da MP (M02)



-Planos de Clasificación do Solo da OD (002), e clasificación do solo e usos pormenorizados (003).

Doc.nº39.-(R.Enº10742 de data 28.11.2016). Escrito de aportación de documentación complementaria, presentada por "Nam Arquitectos,S.L.P", actuando en representación dos propietarios maioritarios SU2B de Ribadelouro."

-Informe da dirección xeral de aviación civil (2017ERC2849 de 27.3.2017).

-Informe da confederación hidrográfica Miño – Sil (2017ERC3157 de 4.4.2017).

.Informe do servizo de urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e ordenación do territorio (2017ERC8876 de 26.9.2017).

-Informe da Confederación Hidrográfica Miño – Sil (2017ERC9491 de 11.10.2017).

-Certificación de alegacións presentadas durante o trámite de información pública do proxecto de modificación puntual do PXOM, no ámbito dos sectores urbanizables SU2A e SU2B, de data 8.11.2017, sinalando o seguinte:

“Que en sesión plenaria extraordinaria e urxente celebrada o día 7 de decembro de 2016 se aprobou inicialmente o proxecto de modificación puntual do PXOM no ámbito dos sectores urbanizables SU2A e SU2B, e se acordou someter o expediente a información pública por período de 2 meses, con publicación de acordo no DOGA, e nun xornal de maior difusión da provincia.

-Que o anuncio de información pública correspondente se publicou no diario ATLÁNTICO o 29/12/2016, no taboleiro de anuncios o 26/12/2016 e no DOG o 19/01/2017.

-Que obran no expediente notificacións persoais a titulares catastrais de parcelas incluídas no ámbito da modificación puntual do acordo de aprobación inicial adoptado na indicada sesión plenaria de data 7/12/2016, e que, respecto de titulares catastrais de parcelas incluídas no ámbito da modificación puntual que non se puideron notificar persoalmente, por ser descoñecidos, ignorarse o lugar de notificación ou non poder practicarse a mesma, se insertaron anuncios no BOE con datas 3/01/2017 e 22/02/2017.

-Que según os antecedentes obrantes no expediente e informes de datas 11 e 16 de outubro de 2017 dos encargados do rexistro, comprobado o rexistro de entrada dende o 26 de decembro 2016 ata o 22 de abril de 2017, se presentaron as seguintes alegacións:

--Nº de R.E. 1681/2017 de data 24/02/2017, alegación de D^a. M^a Rosario Ramírez Alonso en representación de Elisa Alonso Pérez e Herdeiros

--Nº de R.E. 2524/2017 de data 17/03/2017, alegación de D. José Luis De La Hoz Arjones en representación de STR2 Logistics, S.L.”

-Resolución do 2 de marzo de 2018 da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático pola que se formula a declaración ambiental estratéxica da modificación puntual do PXOM, no ámbito dos sectores urbanizables SU2A e SU2B con ordenación detallada (2018ERC2499 de 23.3.2018).

-Informe xurídico emitido pola Técnico de administración xeral do departamento de urbanismo o 6.7.2018:

“Por todo o exposto, e estando o proxecto de modificación puntual de referencia, en fase de tramitación, e por tanto, susceptible de modulacións e alteracións, se procede a emitir Informe Xurídico Favorable, atendendo o momento procesal, pero condicionado, os anteriores efectos a, preceptiva e previa ponderación dos servizos técnicos municipais, así como e moi concretamente a recoller no mesmo as razóns e interese Público e Xeral, así como os argumentos xustificativos, a motivación en termos de calidade, isto é a causa e finalidade pública primordial que se persegue cunha modificación de plan de conformidade co art. 83 da Lei 2/16 LSGA, extremando na Memoria, a xustificación dos fins que se persegue con este proposta de modificación do plan, en aras da seguridade xurídica, e corrixindo o déficit de motivación advertida; procede asemade, corrixir aqueles extremos indicados no corpo de este informe, que comportan unha desconexión co marco de legalidade vixente, no concernente a coherencia co Decreto 19/2011 polo que se aproban as DOTG, e moi especialmente a satisfacer as exixencias dos arts. 42, 56 e 58 da LSG, xustificándose o cumprimento do estándar de sistema xeral de conformidade o art. 42.1 da meritada LSG 2/16.”

.-Aportación polo equipo redactor de nova documentación para ordenación detallada do SU2B (2018ERC6085 de 9.7.2018).

.-Aportación polo equipo redactor, de modificación do estudio ambiental estratéxico e proposta de plan SU2A e SU2B (2018ERC6139 de 10.7.2018):

“Informe de alegacións do trámite de exposición pública da modificación puntual dos sectores SU2A e SU2B, e da ordenación detallada SU2A”,

“Documento da modificación puntual dos sectores SU2A y SU2B, e da ordenación detallada SU2A, adaptada a documentación ambiental estratéxica.”

.-Aportación de documento “I.I.1_Memoria Xustificativa MP para DAD_pag31.pdf” (2018ERE392 de 13.7.2018).

.-Informe técnico emitido polo Arquitecto municipal en data 13.7.2018, o cal na parte que interesa sinala:

“4. CONCLUSIONES

O presente informe consta de tres apartados:

No primeiro apartado se recolle o obxecto da modificación puntual e a súa xustificación polo equipo redactor e as determinacións específicas para os sectores SU2A e SU2B. Tamén neste apartado se analiza o cumprimento das Ordenacións Detalladas SU2A e SU2B coa Modificación Puntual.

No segundo apartado realízase o INFORME TÉCNICO municipal e se aporta información facilitada polas empresas subministradoras, sobre a suficiencia das infraestruturas e dos servizos existentes e previstos, segundo o artigo 68.g. Determinacións da LSG.

No terceiro apartado, faise unha análise inicial da LSG, do RLSG e do planeamento municipal.

Polo tanto, analizado o documento, emítese informe TÉCNICO DE CONFORMIDADE coa lexislación vixente, en base ao artigo 60.13 da LSG e aos efectos de APROBACIÓN PROVISIONAL.”

.-Informe xurídico emitido pola Técnico de administración xeral do departamento de urbanismo o 26.7.2018.



Polo tanto, a vista do referenciado anteriormente e vistos os informes técnicos e xurídicos mencionados, teño a ben propoñer o Pleno da corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMERO: Aprobar con carácter provisional o proxecto de modificación puntual do PXOM no ámbito dos sectores urbanizables SU2A e SU2B, coas ordenacións detalladas que se formulan nos ámbitos de referencia, co seguinte detalle de documentos que se aproban provisionalmente:

.-Documentación con número de rexistro de entrada 2018ERC6085 de 9.7.2018.:

“Documentación para ordenación detallada do SU2B”.

.-Documentación con número de rexistro de entrada 2018ERC6139 de 10.7.2018.:

“Informe de alegacións do trámite de exposición pública da modificación puntual dos sectores SU2A e SU2B, e da ordenación detallada SU2A”, “Documento da modificación puntual dos sectores SU2A y SU2B, e da ordenación detallada SU2A, adaptada a documentación ambiental estratéxica.”

.-Documentación con número de rexistro de entrada 2018ERE392 de 13.7.2018: “I.I.1_Memoria Xustificativa MP para DAD_pag31.pdf”, que substitúe á páxina 31 existente na memoria xustificativa obrante na documentación con rexistro de entrada 2018ERC6139.

SEGUNDO: Estimar as alegacións formuladas durante o período de exposición pública no sentido que se sinala de seguido e expresado no informe emitido os efectos polo equipo redactor:

Alegacións 1ª e 2ª: Se estiman as alegacións, polo que cando corresponda e aos efectos da fase de participación pública celebrada, se ten en consideración dita circunstancia, pero se informa que deberá ser o propietario quen solicite a corrección documental na Xerencia do Catastro.

Alegación 3ª: Aínda que no texto elaborado xa se contemplaba como viable o desenvolvemento dos usos pormenorizados sinalados na proposta realizada, se estima favorablemente a alegación introducindo os axustes necesarios tanto na ficha, na memoria e na normativa para que dita especificación sexa contemplada e tida en conta aos efectos correspondentes.

Notifíquese o presente acordo as persoas que efectuaron alegacións na fase de información pública.

TERCEIRO: Remitir o acordo de aprobación provisional a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio o obxecto de que proceda a aprobación definitiva, si ha lugar, do proxecto de modificación puntual do Pcom no ámbito dos sectores SU2A e SU2B, conforme o previsto no artigo 60.16 de la LSG e concordantes do Decreto 143/16.”

Toma a palabra o concelleiro Sr. Prada Álvarez dicindo que o Alcalde o intentou meter no anterior pleno sen que os concelleiros puidéran ler os informes e a documentación porque

se habían feito esa mesma mañá. Comenta que cre que é bo que se celebre este pleno e que as conclusións que se saquen sexan fructíferas para esta modificación, e engade que é algo no que se está traballando dende fai tempo e que o anterior goberno xa o puxera en marcha. Anuncia que o seu voto será a favor porque favorece aos empresarios e ao Concello de Tui. Remata a súa intervención indicando que aínda que eles propuxeran este Pleno e que na petición puxeran que non ían recibir remuneración por el, agarda que o goberno faga o mesmo.

Intervén o Sr. Alonso Álvarez dicindo que este pleno non ten razón de celebrarse a non ser que se analice a nula xestión do goberno. Comenta que o Alcalde non pode, nunha reunión unha hora antes do pleno ordinario, pretender presentalo por vía de urxencia no pleno ordinario anterior, e sinala que iso obedece a unha nula xestión polo goberno, pola concelleira de Urbanismo e polo Alcalde. Comenta que no informe de secretaría faise constar a premura na emisión xa que a solicitude verbal do Alcalde é de 23 de xullo, por tanto ten un informe do arquitecto do 13 de xullo e 10 días despois lle traslada á secretaria que ten que emitir informe, e eses 10 días vostedes non fixeron nada. Engade que se trata dun asunto dunha vital importancia para os empresarios e o Alcalde ten un informe técnico e se esquece de que teña os informes pertinentes, e trae unha hora antes do pleno os informes para que a oposición informe a cegas. Pregunta se o Alcalde pensa que estamos nun país tribal ou exótico onde os dirixentes son gurús. Engade que o Alcalde non respeta as regras dun estado democrático. Continúa o concelleiro a súa intervención indicando que no pleno ordinario intentou colalo cando se levantou a oposición, e que a secretaria lle dixo que non tiña o quórum necesario para levar adiante este punto.

Expón que isto se inicia no 2012, que dende o 2015 o goberno anterior tramitou isto, e que vostede non resolve. Engade que despois de seis anos non sería tan urxente, que se pode agardar uns días, e que se non foi a comisión é responsabilidade do Alcalde, e que é responsabilidade do Alcalde tentar colalo nun pleno sen que esté presente a oposición.

Continúa o Sr. Alonso Álvarez indicando que o Alcalde é un irresponsable e por iso lle pide a dimisión, aínda que xa vai vir despois de 2 meses.

O Alcalde pide ao Sr Alonso Álvarez que lle explique iso que di.

Continúa o Sr. Alonso Álvarez dicindo que o Alcalde vai ser imputado.

O Sr. Alcalde indica ao Sr. Alonso Álvarez que ao mellor se ten que querellar con el por anticipar unha decisión xudicial.

O Sr. Alonso Álvarez continúa dicindo que os informes non son favorables, pero que atendendo ao interese xeral pensa que hai que darlle a isto para adiante.

Intervén o Sr. Capón Rey dicindo que o día do pleno ás catorce horas e corenta e catro minutos o Alcalde puxo un whatsapp aos portavoces e puxo que tiña a intención de levar por urxencia este asunto, e estableceu unha Xunta de Portavoces para tratalo para as sete, unha hora antes do Pleno, e a esa Xunta de Portavoces viñeron os arquitectos que o elaboraron.

O Sr. Capón Rey comenta que na Xunta de Portavoces non están tódolos concelleiros. Engade que o Alcalde dixera que se non había acordo en que viñera por urxencia non o traería, pero enganounos. Continúa o Sr. Capón Rey indicando que eles na reunión xa lle dixeran ao Alcalde que fora a un pleno extraordinario, e que despois no pleno ordinario pasou o que pasou, e a expulsión foi o que foi, unha cobardía democrática.



Comenta o Sr. Capón Rey que oíndo a intervención do Alcalde na radio parece que o solo industrial en Tui aparece agora, co Alcalde. Sinala o concelleiro que o solo industrial en Tui aparece por primeira vez no Plan de 1994, cando él era Alcalde, e que hai tres solos, Ribadelouro (que se amplía despois), o de Areas (que se desenvolve antes da moción de censura do 98), e o de Guillarei (que é o máis grande e está sen desenvolver en absoluto). Engade o Sr. Capón Rey que en Baldráns non hai solo industrial, nin da tempo a plantexar a modificación do Plan Xeral.

Continúa o Sr. Capón Rey a súa intervención indicando que esta modificación ten xa a aprobación inicial, que esta é a provisional e que despois vai á Xunta, e que segundo o que informe será válido o que aprobemos ou non. Alude a que, de igual forma que se fixo unha providencia para que en prazo legal se emitise o informe, iso puideron facelo con outras cousas, e que se o departamento de Urbanismo non funciona neste sentido é por razóns políticas, porque os funcionarios reciben as ordes dos políticos.

Engade que, dende a aprobación inicial en decembro de 2016, que foi un proceso difícil, porque ao principio non estaban de acordo nin eles, do que dicía en radio o Alcalde, o Alcalde non ten máis arte nin parte que ter dilatado a cuestión máis de 9 meses, porque podería terse levado probablemente en novembro. Remata a súa intervención indicando que esta é a historia real.

Intervén a Sra. Núñez Méndez dicindo que isto é un asunto urxente e inaprazable e non a proposta de reordenación do fronte fluvial, e agradece haber podido acceder aos informes e a documentación, cousa que non houbera sido posible de tratalo como moción de urxencia no pleno pasado. Comenta que consideran esta modificación necesaria e que van votar favorablemente.

Intervén o concelleiro Sr. Cabaleiro González dicindo que o Plan do 94 recolle este chan industrial e o Plan Xeral do 2011 desenvolve o mesmo en distintos sectores. Comenta que en Baldráns non hai chan industrial, que que o diga un Alcalde é rarísimo, e que o que hai son unhas naves fora de ordenación. Alude a que foi o goberno anterior o que se reuniu cos propietarios e os puxo en contacto para que iniciasen o proceso para a reordenación dese chan. Engade que do 2012 ao 2015 neste concello isto durmiu no sono dos xustos e non se fixo nada, e que é no 2015 cando chega ao goberno anterior e se impulsa esa modificación. Continúa o concelleiro sinalando que no goberno anterior primeiro detectaron que se iniciara o 2A e non o 2B, e que lles parecía pouco transparente, e que entón puxeron en contacto ao SU2A e 2B para que o fixeran conxuntamente. Sinala que houbo reticencias ao principio pero que despois sacouse adiante, e engade que citouse aos veciños afectados para dar información e que foi un proceso totalmente transparente e impulsado polo anterior goberno. Sinala o Sr. Cabaleiro González que o único que fixo o Alcalde foi, o 23 de xullo, decirlle á secretaria e aos técnicos que fixeran os informes.

Continúa o Sr. Cabaleiro González indicando que non só é a ordenación de Ribadelouro, que tamén é a de Baldráns e a de Guillarei, e que o anima a que empece a tramitar iso. Alude o concelleiro a que a competencia para a aprobación definitiva é autonómica, e que será a Xunta a que diga si ou non.

Engade o Sr. Cabaleiro González que, sobre a cuestión que apuntaba o Alcalde, que amenaza con querelarse porque anticipamos decisións xudiciais futuras, dille ao Alcalde que teña valor e o faga, porque estaría encantado de comparecer ante esa denuncia.

A continuación intervén o Sr. Alcalde indicando que vaticinar decisións xudiciais é unha falta de respecto á xustiza e á separación de poderes, e engade que veremos a quen afectan as decisións da xuíza.

Continúa o Sr. Alcalde indicando que toda a súa actuación está encamiñada a non retrasar os culebróns interminables que hai no departamento de Urbanismo. Engade o Alcalde que é difícil obter unha licenza ou tramitar unha modificación do plan, que os expedientes de reposición van como van, e que é así dende hai moitos anos. Engade que saben do problema que temos e da dificultade de que o departamento de Urbanismo tramite con axilidade, interese e ganas de avanzar, e que é o gran problema de Tui. Di que sabe que levanta ampoias dicindo isto, pero que él quere modificar moitas cousas que funcionan mal no concello. Engade que o que él tenta é axilizar, e que que o procedemento non é impecable é certo.

Comenta que neste asunto practicamente non hai ningunha modificación dende a aprobación inicial, que ao final o que hai é unha vontade obstrucionista, e que parece non importarlles demasiado.

Engade que o dito pola concelleira de Urbanismo no pleno pasado, de que aquí vaise ao rebufo dos informes, claro que é así. Continúa indicando que son os promotores os que apremiaron a que isto saíse adiante e que, respecto do que dixo na radio, que él non creou o solo industrial iso é evidente. Comenta que él se refería a que hai un interese polo goberno actual de mellorar aspectos no solo industrial en Tui, como a falta de seguridade xurídica, porque hai chans industriais non regularizados, e en Baldráns hai unha realidade de facto se non xurídica.

Continúa sinalando que a día de hoxe dotación de solo industrial con garantías de seguridade xurídica practicamente non hai e que o concello pode e debe impulsar que haxa dotación de solo industrial en Tui. Engade que temos moito percorrido para gañar nos tres terreos que determinan se os empresarios deciden ubicarse en Tui ou non, e que teñen que atraer investimento e o principal problema é o departamento, porque é moi difícil obter licenzas, e esa é a realidade, está fuxindo o investimento de Tui dende hai moitos anos. Comenta que sabe que é moi revolucionario nese sentido e engade que alá vostedes se queren ser cómplices desa situación.

Intervén o Sr. Prada Álvarez dicindo que, cando o Alcalde di que a oposición intenta que o grupo de goberno non faga as cousas en plan obstrucionista, él síntese ofendido, e no seu caso particular non o pode meter nese saco. Engade que él facilitou a aprobación do orzamento, cunha reprimenda polo PSOE, e que todo o que non se lle aproba non quere dicir que sexa obstruccionismo cara ao goberno, é que hai outras ideas que o Alcalde pode considerar. Remata a súa intervención indicando que pensa que mellor levar os temas por maioría e por interese xeral, e anuncia que o vai apoiar.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que evidentemente non se pode facer táboa rasa de toda a oposición e indica que o Sr. Prada contribuíu a que os orzamentos saísen adiante.

A continuación intervén o Sr. Alonso Álvarez dicindo que o Alcalde equivócase permanentemente, que tilda á oposición de obstrucionista e é xusto ao revés. Engade que o único que obstrúe é o Alcalde e concelleira de Urbanismo. Continúa indicando que a secretaria advirte que non se puxo a disposición o expediente en papel e a oposición só dixo que non podían traelo por uxencia porque non había os informes e non puideran velos, e despois pediu un pleno extraordinario.

Comenta que o goberno usa expresións como inferno burocrático, obstruccionismo, e que está canso, que iso é falso. Sinala que o Concello de Tui ten un patrimonio histórico impresionante e afeccións de Costas, e benditas sexan, e iso vostede como Alcalde debería sabelo e recoñecelo. Engade que o patrimonio histórico que ten Tui fai que sexa farragoso



e lento conseguir as licenzas, pero que iso non é culpa do departamento de Urbanismo. Continúa sinalando que Tui ten unhas vantaxes polo patrimonio histórico, e que hai que preservalo e coidalo e polo en valor. Pide que deixe de votarlle a culpa ao departamento de Urbanismo e mire para o seu ombrigo, porque a culpa é do Alcalde e da concelleira de Urbanismo. Pide a dimisión do Alcalde e da concelleira de Urbanismo, porque son vostedes quen frean e ademáis minten.

Intervén a concelleira de Urbanismo dicindo que os culpables de que veña a un pleno extraordinario son vostedes, e que do fondo do asunto non falan de nada.

Intervén o Sr. Capón Rey dicindo que a concelleira non pode interromper, e dille ao Alcalde que a chame á orde.

Intervén o Sr. Alcalde e dille á Sra. Da Silva que se quere intervir pida a palabra

Intervén o Sr. Cabaleiro González pedindo ao Alcalde que faga respectar a quenda de intervención.

Intervén o Sr. Alonso Álvarez dicindo que o inferno burocrático o crea vostede porque non sabe xestionar o departamento. Engade que non se pode traer esta cuestión unha hora antes dun pleno.

Intervén o Sr. Capón Rey dicindo que a intervención do Alcalde foi de dez minutos ou quince e que do tema da orde do día falou un. Engade que o Alcalde debería de advertirse tres veces e ao mellor autoexpulsarse.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que el advirte por faltas de respecto.

Intervén o Sr. Capón Rey dicíndolle ao Sr. Alcalde que non sabe dirixir un pleno, e que provoca que os demais se saian da orde do día. Engade o Sr. Capón Rey que o Alcalde é un neoliberal (en palabras do Alcalde) de extrema dereita económica (nas súas palabras), e que tamén serían súas as palabras de que o Alcalde é un neoliberal asilvestrado. Continúa indicando que en Tui hai solo industrial e con seguridade xurídica, en Areas e Ribadelouro. Engade que o que traen hoxe é para facer modificacións na ordenación de solo industrial. Comenta que o goberno non ten coñecemento suficiente para xestionar o que están xestionando, dille ao Alcalde que non vaia de vítima e pregúntalle que lle obstrúen. Engade que aquí díxose que isto tiña que ir a un pleno extraordinario e que se ía a apoiar, pero vostede ten o capricho de auto apropiarse, de dicir que isto é obra súa, e non o é. Dille ao Alcalde que sexa máis sensato e prudente e que se deixe de dicir cousas que fan quedar mal ao concello. Comenta que o Alcalde participa dos criterios de recortes e dille se recorda o que dixo das manifestacións de pensionistas, engadindo que iso é a revolución do Alcalde, o seu neoliberalismo.

Intervén o Sr. Cabaleiro González dicindo que comezou falando de falta de respecto institucional, e que iso é un insulto intolerable, que ninguén foi máis elegante con esta institución que o goberno saínte, incluso con vostedes. Comenta que o Alcalde peca de moita irresponsabilidade e dunha actitude indefendible do máximo representante institucional do concello. Engade que dificultades do departamento de Urbanismo houbo sempre, e que se houbese falado cos compañeiros lle podían dicir os indicios de que o

departamento de urbanismo seguise as eivas que seguiu. Pregunta que, dende que o arquitecto emitiu o seu informe o 13/07, durante eses dez días, quen lle impediu dar esa orde á secretaria e técnica de urbanismo. Continúa indicando que máis seguridade xurídica da do Plan Xeral non a da ningunha norma subsidiaria.

Sinala que este concello foi o último que presentou na Deputación os proxectos do Plan concellos, e que iso demostra como están xestionando vostedes. Comenta que o Alcalde non é vítima de ninguén, é vítima da súa capacidade para xestionar este concello.

A continuación o Sr. Cabaleiro González dille ao Alcalde que non mande augurios de como nos irá a uns ou outros, e comenta que sexa como sexa él asumirá a responsabilidade do que derive deses procesos, engadindo que o seu pan non depende dun cargo nesta institución pública.

Intervén o Sr. Alcalde e comenta que non todo o expediente estaba cargado en Xestiona porque se comezou a xestionar antes, e que a iso se refería a Secretaria.

Intervén o Sr. Alonso Álvarez e sinala que está mentindo, que durante dez días o Alcalde non fixo nada.

Intervén o Alcalde e indica que dende o día 13 estaba requerida unha proposta de resolución. Engade que ademais había un primeiro informe xurídico, que despois había un informe técnico, e que despois do informe xurídico chegara documentación dos redactores que non se contemplara no informe xurídico previo, polo que era necesario un novo informe da TAG, porque a TAG entendía tiña que volver a facer informe.

Continúa o Alcalde indicando que a convocatoria deste pleno xa estaba prevista antes de que chegara a súa petición de pleno extraordinario. Engade que o investimento está indo para Portugal porque estamos nun inferno burocrático. Pregunta se cren que está mellor coidado o patrimonio aquí que en Portugal, e sinala que en Valença e Portugal hai menor burocracia e deberíamos aprender deles. Alude a que o conservadurismo é que non se mova nada, e a que nese senso él é antisistema. Engade que as competencias municipais son as que son, moi poucas, e pregunta se cren que está ben coidado o patrimonio grazas á Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta, e sinala que non, que con iso só contribuímos á depreciación do Patrimonio. Indica que nunca o oírí a él ou a un liberal dicir que eu son "neoliberal", que esa é unha etiqueta usada por algúns sectores de esquerda, de centro, e incluso de dereita, para descalificar aos seus adversarios políticos. Remata a súa intervención indicando que o importante é que pensa que imos aprobar esta modificación provisional, que comezou no seu goberno e que é o noso deber continuala e rematala, e que os cidadáns xulgarán.

O Sr. Capón Rey felicítalo polo ben que se explica e di que aquí hai dúas persoas listas, unha vostede e outra vostede dirá.

A continuación polo Sr. Alcalde se somete a votación a proposta da Alcaldía de data 26/07/2018, que resulta aprobada por **unanimidade dos membros da corporación (17 votos a favor)**.

En consecuencia o Pleno da Corporación, dacordo coa proposta da Alcaldía de data 26/07/2018 e vistos os informes técnicos e xurídicos mencionados en dita proposta, acorda:

PRIMERO: Aprobar con carácter provisional o proxecto de modificación puntual do PXOM no ámbito dos sectores urbanizables SU2A e SU2B, coas ordenacións detalladas



que se formulan nos ámbitos de referencia, co seguinte detalle de documentos que se aproban provisionalmente:

.- Documentación con número de rexistro de entrada 2018-E-RC-6085 de 9.7.2018.:
“Documentación para ordenación detallada do SU2B”.

.- Documentación con número de rexistro de entrada 2018-E-RC-6139 de 10.7.2018.:
“Informe de alegacións do trámite de exposición pública da modificación puntual dos sectores SU2A e SU2B, e da ordenación detallada SU2A”, “Documento da modificación puntual dos sectores SU2A y SU2B, e da ordenación detallada SU2A, adaptada a documentación ambiental estratéxica.”

.- Documentación con número de rexistro de entrada 2018-E-RE-392 de 13.7.2018:
“I.I.1_Memoria Xustificativa MP para DAD_pag31.pdf”, que substitúe á páxina 31 existente na memoria xustificativa obrante na documentación con rexistro de entrada 2018ERC6139.

SEGUNDO: Estimar as alegacións formuladas durante o período de exposición pública no sentido que se sinala de seguido e expresado no informe emitido os efectos polo equipo redactor:

Alegacións 1ª e 2ª: Se estiman as alegacións, polo que cando corresponda e aos efectos da fase de participación pública celebrada, se ten en consideración dita circunstancia, pero se informa que deberá ser o propietario quen solicite a corrección documental na Xerencia do Catastro.

Alegación 3ª: Aínda que no texto elaborado xa se contemplaba como viable o desenvolvemento dos usos pormenorizados sinalados na proposta realizada, se estima favorablemente a alegación introducindo os axustes necesarios tanto na ficha, na memoria e na normativa para que dita especificación sexa contemplada e tida en conta aos efectos correspondentes.

Notifíquese o presente acordo as persoas que efectuaron alegacións na fase de información pública.

TERCEIRO: Remitir o acordo de aprobación provisional a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio o obxecto de que proceda a aprobación definitiva, si ha lugar, do proxecto de modificación puntual do Pxom no ámbito dos sectores SU2A e SU2B, conforme o previsto no artigo 60.16 de la LSG e concordantes do Decreto 143/16.

Ao non haber máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde se levanta a sesión ás dez horas e doce minutos, estendéndose a presente acta da que eu, Secretaria, dou fe.